

Antes de ler uns cantos folios evocadores, Arturo Lezcano dixo unhas palabras previas, aproximadamente estas.

Benqueridas amigas, benqueridos amigos:

Agradezo as esaxeracións de quen me precederon no uso da palabra, ao me presentar.

Non podo evitar certo arrepío ao me ver sentado nesta cadeira, nesta tribuna onde se pronunciaron leccións se non sempre maxistrais, alomenos de inauguración e clausura do curso. Refírome ao fermoso Paraninfo, agora tan brillantemente restaurado, do Instituto por antonomasia, que leva, con todos os merecementos, o nome do autor de *Arredor de si*. A memoria que gardan as súas pedras non foron todas elas dignas, como recordou o Marcos Valcárcel, mais debemos recordar só o grato. Eu non fun alumno do Instituto, pois estudei no Colegio Cardenal Cisneros, legalmente reconecido, que ocupaba o que hoxe é rúa do Dr. Marañón, a totalidade. Porén si que me examinei eiquí, na Aula Magna, na reválida de cuarto, daquela o Bacharelato tiña duas reválidas. Sentáronme nunha cadeiriña ao pé dos degraus da tribuna do tribunal presidido por don Ramón Otero Pedrayo, con don Antonio Fraguas á súa dereita e don Teodoro Sanmartín a súa esquerda. Menos mal que aprobei.

Finalmente, por que son eu quen vai falar dos *Artistiñas*? Pois ben, sinxelamente porque, se non o voceiro, o grupo non estaba institucionalizado, si fun o seu mensaxeiro Na miña condición de xornalista mozo da cidade transmitía os feitos e as arelas dos *Artistiñas*, e, sobretudo, daba noticia deles cando estaban no estranxeiro, e iso que entón non había nin mobéis nin Internet, só conferencias telefónicas, moi caras. Mais había correo ordinario.

Falemos xa, pois, dos *Artistiñas* e o seu marco, na chamada Década Prodixiosa, cando críamos estar perto da síntese superadora dos dogmas dos

tres imperios, o americano, o soviético e o romano, coa Igrexa Católica como herdeira.

En realidade o que aconteceu foi a morte do Cisne.

## OS ARTISTIÑAS OU A XERACIÓN PETER PAN

O que decote se discute doutros fatos supostamente configuradores dunha escola, un movemento artístico, unha conxunción cun obxectivo deliberado, pódese negar con absoluto rigor respecto dos *Artistiñas*, por Vicente Risco así bautizados.

*Os Artistiñas* nunca foron nin sequera unha tendencia. Foron unha feliz e imprevista coincidencia que sintetizaremos nalgúns puntos:

\*Todos eles eran ourensanos agás o Buciños, lugués fronteirizo, e o Pousa, ourensano consorte.

\*A maioría pertencía á mesma xeración, coa presenza enlace coa inmediatamente anterior, representada polo Virxilio – que se daba e se da a novo – e esa especie de xudeu errante, o Arturo Baltar, cuxas décadas se contan por séculos no seu caso. Ben sabedes.

\*Esta vizosa floración de artistas plásticos non xurdiu da nada, mais os antecedentes tampouco, cremos, prefiguraban tan fulgurante estralo. Si, por suposto, antes foi o Puga e o seu *Afiador* no Ermitage; o Parada Justel; os irmaos do Trabazo e do Xocas, ambos os dous malogrados. Logo o mesmo Luis Trabazo e, sobretudo, Manolo Prego e Failde, nunca suficientemente ponderados, autores de obras redondeadas sobre si mesmas, sempre o mesmo mundo mais nunca repetido. Non é pouco, porén de ningún xeito marca un destino colectivo.

\*Ourense, Atenas de Galicia?.

Parvadas semellantes, cando agromaba a peste dos *slogans*, precipitou en xoias adhesivas sobre os parabrisas do desenvolvemento emerxente, como “ser gallego, una carrera. Orensano, catedrático”.

O noso Antón Risco, nas nubes do criticismo francófilo, dicía que “Ourense ten un espírito fino”.

O do *Porco de pé* paterno ou o da súa novela *As metamorfoses de Proteo*?

Era boa.

Naturalmente Ourense participa na cultura universal fóra de concurso, é a mellor terra do mundo e ata ten o mellor dos climas coñecidos. Ídesmo dicir a min, ourensano transterrado e, xa que logo, cobizoso dun Ourense idealizado, a miña infancia, a miña patria, Rilke dixit?

Os nacionalismos ben están, han estar, pois, tamén para os pobos “ser diferente é ser existente”. Non embargantes todo nacionalismo que rexeite as desforras debe cantar a súa afirmación no recoñecemento dos demais a pensar que o seu é o mellor. Outra cousa só significa xenofobia cando non xenocidio.

\*Tanto a *Xeración Nós* – da que somos ananos a ombros de xigantes – como os *Artistiñas* representaron, en puridade, unha negación do Ourense de mercadores e prumíferos de oficina sinistra, alleamento clasista, provincianismo mimético, forzas vivas en maos mortas. Para erguer a terra de seu – un prodixioso salto por riba dos foxos noxentos – á altura da Europa.

Os *Artistiñas*, case todos, sairon a respirar ar non viciado alén Pirineus. Iles marchaban e voltaban co corno da abundanza do vivo mundo dialéctico.

Todo isto non significa de ningún xeito que foran intercambiabes.

Os alardes técnicos, a imaxinación desbordada, a integración dos últimos berros dun París inda capital mundial, do Quesada, nada tiñan que ver co cruce grecorromano-xermánico do Virxilio; ou cos deseños abraiantes do neno De Dios, intransferibles criaturas dos seus soños segredos; ou as tallas doutro neno prodixio, o Acisclo, que ben poderían ter sido feitas simplemente coa navalla

do peto; ou as lamas paridas xa na idade do bronce do mineiro Buciños; ou a milagreira perpetuación dos paraísos rustico-románicos do Arturo Baltar: ou as retranqueiras transfiguracións labregas do mozo-petrucio de Goián, o Xabier Pousa, cachazudo esculcador de moi lonxanas revolucións.

Esa era outra. *Os Artistiñas*, faltaría máis, opúñanse ao réxime severo que inda se nos administraba, como aceite de ricino, ao se cumprir os “25 años de paz”

*Os Artistiñas* eran republicanos, aunque todos os máis novos naceran no meio ou despois da Guerra Civil.

Bastantes dos *Artistiñas* eran, en plena Guerra Fría, marxistas convencidos ou difusamente marxistas.

E non obstante, se cadra moitos non o dan comprendido, escoitadores, admiradores, amigos de Vicente Risco.

Entre estes novos artistas cadaquén presentaba notables particularidades.

A diferenza de idade, a esa idade, contaba. O Jaime leváballe tres anos ao Acisclo e seis ao José Luís, aparte da distancia xeracional de Virxilio e o Arturo Baltar.

Tampouco viñan todos do mesmo ambiente. Doutra banda personalmente tiñan amigos e entornos non comúns cos demais. Algúns, como o Arturo e o Acisclo, traballaban en ocupacións moi alonxadas da arte.

Individualmente non había, de xeito algún, clonacións.

O Jaime, unha fervenza de egocéntrico vitalismo contaxioso, verquido nun pensamento en voz alta sen solución de continuidade.

O Acisclo, un aparente despiste que en realidade agachaba unha enorme capacidade de absorción, complacente coa ganga das teimas alleas transubstanciador de todo o que lle aportaban e lle interesaba.

O Buciños, un retranqueiro ollar arredor desde a certeza da súa visión, especie de estar de volta cando inda ía.

O Virxilio, un impaciente pasar sobre as parvadas, e ben seguro do que andaba á procura, traballo arreo e, nos parénteses un bo viño para macerar as plácidas conversas con compañeiros de toda caste.

O Baltar, o Arturo, bulía misteriosamente duns locais a outros, afiaba as maos ávidas, se cadra a lingua incisiva, sorprendéndonos con pasmosas intuicións á maneira de trasno.

O Pousa fabulaba engaiolando co material enxebre da raia, endexamais fronteira, a aboiar nas súas orixes.

O José Luís foi o noso existencialista, sagazmente escéptico mais en puridade intelixentísimo observador, cunha comprensiva avaliación dos outros desde a complexa interioridade dos De Dios.

Hai pouco en *La Región* que nos catapultou a todos, José Luís respostaba así a unha pregunta nunha entrevista sen refugallo: “Son a criatura de sempre, que atravesaba a Praza Maior e vía cousas fantástica, que percibía o olor a sancristía e oía os hinos da catedral, xogando a ser de Ourense”.

Ao meu ver ofrécenos a clave e interpreta o mito como Risco quería, sen o interpretar.

Os *Artistiñas*, inda a medrar e moito, conseguiron non deixar de ser nenos.

A Xeración Peter Pan

A tentación anecdótica é moi perigosa, polo seu reduccionismo pintoresco con cor local, nunca mellor dito.

Collamos o mito do *Volter*, o bar Tucho do Eirociño, que un día lle trouxera asociacións helvéticas a don Vicente. O Tucho, condiscípulo do Antón, e a súa muller, a nosa benquerida Conchita, aproveitaron intelixentemente a oportunidade. Daquela a taberna no vértice da praza comezou a se encher de deseños, logo de versos pintados, todos eles presididos polo mural que ocupaba o fondo, onde o De Dios fixo contemporáneos aos personases da fantasía risquiana e aos mozos en ascenso. Máis tarde calquera escritor, pintor,

intelectual galego e, de paso, algúns escribidores, pintarraxeiros e emborroxadores de xornais, poxaron de baldimia, como moito polo prezo dunha convidada, para colgar das paredes do Tucho.

Magoa, certamente, que a indiferencia pública deixara se derrubar o *Volter*, do que só se salvou a mostra sobre madeira tallada polo Acisclo. Nada novo baixo o noso sol tropical, se pensamos na demolición do número 47 da rúa de Santo Domingo, a casa de Risco e redacción de *Nós*; ou a pantasma do que fora berce de Risco e Otero, na rúa dos Zapateiros.

Cómpre subliñar, non obstante, que o Tucho non foi nin o único nin o principal sitio dos *Artistiñas*.

Reuníamonos arredor do mestre, todos os días na tertulia de sobremesa, primeiro en *El Cortijo*, no Paseo, e despois no entresolo do bar *Parque*, anexo do hotel do que era xerente don Ernesto Gómez del Valle, outra figura ourensana cuxa exhumación debe gozar de preferencia, por se tratar dun dos máis inxustos esquecementos.

Iso se falamos da presenza de Risco. Canto aos *Artistiñas* e os seus amigos frecuentabamos lugares moi diversos, de maneira particular a casa do Jaime Quesada na rúa de Lamas Carvajal, onde celebrabamos veladas que superaban xa daquela, en privado, ás movidas ao amor do botellón de hoxendía.

Esta milagreira colleita das artes tiña a súa correspondencia co que se producía noutros campos.

Escritores como Carlos Casares, de incorporación algo serodia ás tertulias risquianas que habían deixar pegada na súa obra.

Homes de profesións liberais, preocupados polo devir da sociedade, a natureza humana, o afondamento no inda non explicado, como o Alberto Ferrer, tan cedo desaparecido.

Xornalistas de presenza esporádica nos encontros do grupo, cando viña á súa terra, como o Ramón Acuña íntimo amigo desde a nenez, correspondente internacional de primeira liña.

Tamén o excelente gravador ourensano Quique Ortiz, afincado en Madrid, que viña cantas veces podía.

O Santiago Lamas, ourensano de entrada, ilustrado e creador como os psiquíatras auténticos desauce saíu o xenio inmurchable de Sigmund Freud.

Outros, coma min. devecían por facer cine, a impulsarmos a criación do segundo cine clube, o

*Cine Club Miño*, na historia de Ourense. O primeiro só durou uns meses, o *Cine Club Orense*, logo dalgunhas sesións en 16 mm, no Liceo. O *Cine Club Miño*, presidido polo versátil Carlos Vázquez, cabeza visible da librería *Tanco* e profesor deste Instituto, encheu toda unha década, a dos 60, a pasar películas prohibidas ou bloqueadas por minoritarias, nas salas comerciais. Isto había dar para outra evocación polo miudo, se ven queda, iso esperamos, nun libriño.

Entón non había a inflación de eventos, como abusan dicir agora, culturais. Poucos, difíceis de montar, fruto do voluntarismo e coa única axuda, ás voltas, do Concello de Ourense durante as festas do Corpus.

Así salientaba o admirable labor de Segundo Alvarado, falecido recentemente, verdadeira encarnación do teatro, do teatro máis esixente grazas a quen vimos en carne e óso ás criaturas de O'Neill, Strindberg, Albee, Valle, Mishima, o teatro *noh* xaponés, Cocteau, Ionesco, Beckett... Todo sen sair do grupo xuvenil Valle Inclán, gañador de repetidos premios a escala do Estado. Este mesmo Alvarado, amais da sanción inicial de Risco, foi un dos máis decididos valedores dos *Artistiñas*, que coidou a dar os seus primeiros pasos.

En ocasións como esta paira a sombra da dúbida. Esquecerei algo?. Resulta difícil e tamén prolixo enumerar unha nómina completa. A ver se nos acompaña a sorte. Desde logo, son todos os que están.

Naturalmente temos o universo da poesía, no que escentilaba a luz estelar do Antón Tovar, con todas as súas arriquecedoras contradicións vitais. A poesía é unha terra independente, na fronteira do descoñecido. Non valen nela nin versificadores de bo oído á vella usanza, nin mediocres versionistas do estro alleo. O Tovar estaba, está, entre os poetas de raza, os contados mellores.

Aquel Ourense acadou tal desenvolvemento criador, que por ter ata tivemos un mecenas particular, o queridísimo Adolfo Estévez, Adolfito, o carnicero patrocinador de premios literarios.

Había tamén algúns notables catalizadores de accións e reaccións. Á cabeza o superamigo, o Augusto Valencia, co seu idealismo a proba de decepcións. Que había ser de nós sen o Augusto?

Omnipresente o gran Pepe Corbal, que nos acollía, ou mellor dito aturábanos, a il e seus amigos, a Margarita, na súa casa do Parque. Outros días víámonos na casa de don Vicente, onde se fragou a *Ourense perdurable*, textos ilustrados por Risco ou pes postos por Risco aos deseños do Corbal.

Cómo esquecer a figura romancesca do entrañable Julio Gimeno, algo así como un logrado cruce de Blasco Ibáñez e Stendhal, xornalista miolar e asemade novelista prolífico cunha predominante vea de xenuino humorista, cultivador, alomenos imaxinario, das artes do Casanova?

Do Trabazo non é o momento de falarmos, merecente como é dunha biografía diríase chea de apócrifos mais rigorosamente real.

Mención especial merecen os irmaos López Cid, José Luís, Julito e Ángel, posuidores dunha afinada sensibilidade. Os tres teimudos melómanos, os dous primeiros escribiron salientables obras literarias, anque hoxe parezan ter pasado.

Por eiquí anda o Julito Losada, noso elo do republicanismo daquela República con escasos inda que incondicionais siareiros.



Para o final deixamos o abeiro do modélico Xesús Ferro Cosuelo, austero exemplo de protector de artistas e revolucionarios de café. O Xocas, sabio e santo varón, mestre de tantos nas aulas e fóra delas.

Nun dos máis altos curutos da nosa cultura, don Ramón, pródigo dispensador da súa palabra, brillante facedor das colunas salomónicas das que tanto gostaba

O mesmo ano da morte de Risco, a quen idolatraba, voltou a súa terra o autor da inpar *Emorga*, novo centro de tertulias sedentarias no café bar Miño e peripatéticas Ourense adiante.

Como dicía de primeiro, os da nosa xeración inda estamos vivos, por moito que o Jaime e o Javier se nos adiantaran camiño do Alén.

Paréceme aconsellable recordar a xornalistas curiosos e ata historiadores que, cando se vaia a escribir sobre aquela época, se acuda a unha das moitas testemuñas.

O Antón Risco, do que inda non falei, estivo en todo momento connosco, ata que marchou ao Québec, via Toulouse e USA, mais voltaba todos os veraos, <pois para min coller o avión é como coller o Villalón>, razonaba.

Se algún día chegamos, agora fáltanos colectivamente abondo para sermos Historia.

Coarenta anos despois do Ourense vivo malia a noite non de pedra senón de lápida, dámonos cun pelouro no peito ao ver o pais actual, sen prexuízo das suas moitas eivas.

O noso futuro non era este presente, mais por algo se empeza.

Gracias, e non grazas, moito obrigado a todos vós. E, por desbotado confiamos en que o noso Ourense siga a estar fóra de concurso.

Arturo Lezcano